

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Convenio colectivo do persoal de xardinería do centro de traballo de Santiago de Compostela da empresa Cespa, S.A. Corrección das táboas salariais publicadas no BOP do 12 de abril de 2013

Vista a acta da comisión paritaria do CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL DE XARDINERÍA DO CENTRO DE TRABALLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DA EMPRESA CESPA, S.A. (código de convenio 1510004102011), que foi subscrita o día 23 de maio de 2013, na que se procede á corrección de táboas salariais publicadas no BOP da Coruña do 12 de abril de 2013, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 3 de xuño de 2013.

Xefa territorial

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO



ACTA DA COMISIÓN MIXTA PARITARIA DO CONVENIO DA EMPRESA CESPA NO SEU CENTRO DE TRABALLO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ADSCRITOS Á EMPRESA CESPA, S.A.

Representación empresarial:

Luis Incera Martínez

Manuel Polledo Cerdeiriña

Representación social:

Elisa Ares Albor (CIG)

Miguel Ramón Gamás Mera (CIG)

José Manuel Sebio Molguero (CIG)

Purificación Bermúdez Turnes (UGT)

Nuria García Gómez (STL)

En Santiago, sendo as 10.00 horas do día 23 de maio de 2013, nas oficinas da empresa Cespa, S.A., no polígono do Tambre, reúnen as persoas relacionadas coma comisión mixta paritaria do convenio da empresa Cespa no seu centro de traballo do servizo de mantemento e reposición de zonas verdes do Concello de Santiago de Compostela adscritos á empresa Cespa.

Primeiro.—O obxecto da reunión é proceder á corrección das táboas salariais (o salario base mensual) publicadas no BOP da Coruña o día 12 de abril por detectarse un erro nas mesmas, para a meirande parte das categorías e para os tres anos.

Segundo.—Ambas partes firman coma anexo á presente acta as táboas salariais correctas. Se adxuntan as mesmas ó presente acordo.

Terceiro.—Se faculta a Manuel Polledo Cerdeiriña a realiza-los trámites oportunos para o depósito e rexistro da presente corrección, de cara á súa publicación.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión asinando os presentes en proba de conformidade.

ANEXO TÁBOAS

TÁBOAS SALARIAIS (salario base mensual)			
	2011	2012	2013
TÉCNICOS			
Técnico licenciado	1.727,64	1.770,83	1.828,38
T. diplomado	1.528,45	1.566,66	1.617,58
Técnico titulado	1.424,73	1.460,34	1.507,81
Técnico non titulado	1.361,99	1.396,03	1.441,41
Delineante	1.514,50	1.552,36	1.602,81
ADMINISTRACIÓN			
Xefe administración	1.284,84	1.316,96	1.359,76
Oficial administ.	1.226,67	1.257,33	1.298,20
Administrativo	1.140,85	1.169,37	1.207,37
Auxiliar administ.	1.093,25	1.120,59	1.157,00
OFICIOS MANUAIS			
Encargado	1.196,40	1.226,31	1.266,16
Oficial xardiñeiro	1.145,29	1.173,92	1.212,07
Oficial condutor	1.145,29	1.173,92	1.212,07
Xardiñeiro	1.089,46	1.116,69	1.152,99
Aux. xardiñeiro	1.045,95	1.072,09	1.106,94
Peón	990,11	1.014,87	1.047,85
Aprendiz	791,19	810,97	837,33
Vixiante	1.083,79	1.110,89	1.146,99
Limpador	1.027,52	1.053,21	1.087,44

2013/7200